


	SEGUIMENTO DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULDADE DE CIENCIAS	Código: F02-PM-01 Versión: 01
	FORMATO	Páxina 1 de 47

SEGUIMENTO DO SISTEMA DE GARANTÍA INTERNA DE CALIDADE FACULDADE DE CIENCIAS

INTRODUCCIÓN: INFORMACIÓN DE ENTRADA PARA A ANÁLISE

1. A Política de Calidade e obxectivos xerais.	2
2. Os resultados do seguimento e cumprimento dos obxectivos da Planificación Anual de Calidade do Centro.	4
3. O estado dos plans de mellora a realizar durante o exercicio presente (plans anuais de mellora).	6
4. O estado dos plans de mellora a realizar durante o exercicio presente (plans anuais de mellora).	20
5. Resultados académicos e resultados dos restantes indicadores de eficacia do sistema. .	20
6. Seguimento das accións previstas en revisións anteriores do SGIC (se aplica).	29
7. Cambios que poderían afectar ao Sistema de Garantía Interna de Calidade. Avaliación das oportunidades de mellora e necesidade de efectuar cambios na xestión do sistema. ...	30
8. A información relativa á satisfacción dos grupos de interese, queixas ou reclamacións, así como das súas necesidades e expectativas.	30
9. Grao de satisfacción e motivación do persoal.	33
10. Suxestións para a mellora.	42
11. Accións para a mellora dos procesos e do propio SGIC.	43
12. Necesidades de recursos.	46
13. Necesidades de efectuar cambios no SGIC ou nos obxectivos para o próximo período.	47
CONCLUSIÓN. ADECUACIÓN E EFICACIA DO SGIC.	47

	SEGUIMENTO DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE CIENCIAS	Código: F02-PM-01 Versión: 01
	FORMATO	Páxina 2 de 47

CENTRO	TÍTULOS	SEGUIMENTO	DATA DE REALIZACIÓN
Facultade de Ciencias (campus de Lugo) USC	Graos en: Enxeñaría de Procesos Químicos Industrias Nutrición Humana e Dietética Másteres Universitarios en: Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental Enxeñaría Industrial	Curso 2009-2010 Curso 2010-2011 Curso 2011-2012 Curso 2012-2013 Curso 2013-2014	30/03/2015


INFORMACIÓN DE ENTRADA PARA A ANÁLISE

1. A Política de Calidade e obxectivos xerais.

Nos últimos tempos implementouse na nosa sociedade, primeiro a nivel empresarial e despois a nivel administrativo, políticas de calidade que permiten unha mellora continua dos procesos de organización y xestión das organizacións. Estas políticas comezan co compromiso de difusión dos obxectivos de calidade a todos os membros da organización e a asunción de xerar mecanismos de formación que permitan que tódolos membros desta comunidade poidan traballar na consecución deses obxectivos e baixo criterios establecidos segundo o sistema de Xestión de Calidade.

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) comezou a instauración de Sistemas de Garantía Interna de Calidade (SGIC) nas súas facultades no ano 2009.

A Facultade de Ciencias é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia no contexto universitario. Tomando como referencia a política de calidade da USC (enmarcada dentro do despregamento do seu Plan Estratéxico e o Plan de Calidade) a Facultade de Ciencias elaborou o seu Sistema de Garantía Interna de Calidade marcándose como principal obxectivo deste o desenvolvemento de programas formativos (graos e Másteres) que estean avalados pola calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese. A Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia avaliou positivamente o deseño do SGIC da Facultade de Ciencias en Decembro de 2012. Posteriormente, para facilitar o traballo das facultades, a USC e a Comisión Delegada do Consello de Goberno de Calidade e Planificación, na sesión que celebrou o 31 de maio de 2013, aprobou unha revisión do mesmo quedando configurado o SGIC marco da USC polo manual extenso, manual simplificado e o manual de procedementos ao que a Facultade de Ciencias se adaptou en Outubro do 2013. Esta documentación pódese

	SEGUIMENTO DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE CIENCIAS	Código: F02-PM-01 Versión: 01
FORMATO		Páxina 3 de 47


atopar na nosa páxina web de forma detallada <http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/calidade.html>.

Esta Facultade desenvolveu os seus programas formativos para garantir a mellor e máis adecuada formación para os seus estudantes de xeito que eles poidan dar unha resposta axeitada ás demandas do mercado laboral, tecnolóxico e investigador. O SGIC tamén pretende garantir as condicións de desenvolvemento profesional axeitadas ao seu persoal docente, investigador e de servizos.

Co obxectivo de garantir esta política de calidade a Facultade en Xunta decidiu que os principios que a rexeran foran os seguintes:

- **Responsabilidade** : esta facultade debe proporcionar unha formación dirixida cara á excelencia garantindo unha oferta académica acorde coas necesidades e expectativas dos nosos usuarios e da sociedade en xeral.
- **Integración, participación e igualdade**: esta facultade establece unha política que permite escoitar e satisfacer as necesidades dos seus grupos de interese e desenvolver mecanismos de participación a traveso das diferentes comisións garantindo a accesibilidade, a participación e a igualdade.
- **Orientación ao alumnado** : esta facultade debe garantir no seu programa formativo unha orientación ao alumnado a traveso dos diferentes colexios e as asociacións profesionais coas que colabora.
- **Excelencia**: esta facultade debe ter a excelencia como meta inspirándose nas principais escolas e facultades recoñecidas.
- **Transparencia**: esta facultade debe basear a súa xestión na transparencia promovendo a difusión dos seus resultados entre aos seus grupos de interese.

O equipo decanal desta facultade adquiriu o compromiso permanente coa mellora continua do xestión administrativa e dos seus programas formativos cando os seu decano, Jose Manuel Martínez Ageitos renovou a subscrición ao documento de política de calidade o día 23 de Outubro de 2013, dispoñible na nosa páxina web na sección de calidade. O Equipo Directivo non traballa só, xa que a Facultade de Ciencias ten como máximo

	SEGUIMIENTO DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE CIENCIAS	Código: F02-PM-01 Versión: 01
FORMATO		Páxina 4 de 47

órgano delegado da Xunta de Facultade á Comisión de Calidade que é un órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade do Centro, actuando ademais como medio de difusión interna do Sistema e dos seus logros.


A Comisión de Calidade está integrada polo Decano, Responsable de Calidade, Coordinadores dos títulos de grao e Máster e outros membros do Centro entre os que se atopan profesorado, persoal de administración e servizos, e representantes do alumnado. Dende a súa formación no ano 2010 a comisión de calidade foi a encargada de coordinar e propoñer temas como o desenvolvemento do SGIC, os propostas de campus de excelencia para o campus de Lugo e supervisar os informes de seguimento dos títulos de graos e Máster da facultade. Estas propostas e informes foron sempre aprobados en Xunta de Facultade.

2. Os resultados do seguimento e cumprimento dos obxectivos da Planificación Anual de Calidade do Centro.

A comisión de calidade dos centros participou dende a seu orixe nos traballos de proposta do SGIC, informes de seguimento do graos e Máster revisando as propostas chegadas polas comisións dos diferentes títulos de grao e Máster. A comisión de calidade tamén é a encargada de supervisar os informes de seguimento e as alegacións presentadas aos informes provisionais da ACSUG, elaborados polas comisións de título.

A Facultade de Ciencias emite anualmente **informes de seguimento** para cada un dos seus títulos. Estes informes de seguimento son realizados polos coordinadores dos títulos, comentados e revisados polas respectivas comisións académicas dos títulos. A comisión de calidade da Facultade de Ciencias é a encargada de ultimar este traballo e de enviar os informes para aprobación por parte da Xunta de Centro. Para cumprir coa transparencia estes informes son enviados aos profesores que imparten nas titulacións e todos os membros da Xunta de Facultade, profesores, PAS e alumnado.

Este informes de seguimento son avaliados polas respectivas comisións de area da ACSUG e son remitidos coa correspondentes avaliacións para posible avaliación.

	SEGUIMENTO DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE CIENCIAS	Código: F02-PM-01 Versión: 01
	FORMATO	Páxina 5 de 47

Os graos e másteres da Facultade de Ciencias foron avaliados como indica a táboa:

Curso 2010-2011

Informes de seguimento presentados pola Facultade de Ciencias	Informes da ACSUG	Resultado do proceso de seguimento
Grao de Enxeñaría de procesos Químicos Industriais	Avaliado	CONFORME
Grao en Nutrición Humana e Dietética		
Máster Universitario en Enxeñaría Industrial		
Máster Universitario en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental	Avaliado	NO CONFORME

Curso 2011-2012


Informes de seguimento presentados pola Facultade de Ciencias	Informes da ACSUG	Resultado do proceso de seguimento
Grao de Enxeñaría de procesos Químicos Industriais		
Grao en Nutrición Humana e Dietética		
Máster Universitario en Enxeñaría Industrial	Avaliado	NO CONFORME
Máster Universitario en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental		

Curso 2012-2013

Informes de seguimento presentados pola Facultade de Ciencias	Informes da ACSUG	Resultado do proceso de seguimento
Grao de Enxeñaría de procesos Químicos Industriais	Avaliado	CONFORME
Grao en Nutrición Humana e Dietética	Avaliado	CONFORME
Máster Universitario en Enxeñaría Industrial		
Máster Universitario en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental	Avaliado	CONFORME

Curso 2013-2014

Informes de seguimento presentados pola Facultade de Ciencias	Informes da ACSUG	Resultado do proceso de seguimento
Grao de Enxeñaría de procesos Químicos Industriais	Renovación da Acreditación	FAVORABLE
Grao en Nutrición Humana e Dietética	Renovación da Acreditación	FAVORABLE
Máster Universitario en Enxeñaría Industrial		
Máster Universitario en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental	Renovación da Acreditación	FAVORABLE

	SEGUIMENTO DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE CIENCIAS	Código: F02-PM-01 Versión: 01
FORMATO		Páxina 6 de 47

Como se observa na táboa, a Facultade de Ciencias foi amplamente avaliada pola Axencia de Calidade do Sistema Universitario Galego. Como se pode observar, a evolución das avaliacións é satisfactoria na nosa opinión. Tras estes catro anos de experiencia a comisión de calidade e os coordinadores dos títulos comprenderon que as críticas e deficiencias expresadas pola ACSUG foron axeitadas tomándose medidas correctoras na maioría dos casos cando estaba nas nosas mans. Algúns dos defectos parece perpetuarse no tempo, nestes casos xeralmente a responsabilidade debe achacarse a normativa dalgún dos servizos da USC.


Ao longo deste tempo fóronse realizando diferentes accións de mellora aplicables aos diferentes títulos. Debese facer notar que o Máster Universitario en Enxeñaría Industrial foi retirado polo anterior reitor o profesor Juan Casares, polo que nesta memoria será informado de forma mínima. Nos informes de seguimento do curso 2013-2014 propuxéronse accións transversais aos tres títulos da facultade que foron realizadas dende os primeiros informes recibidos.

3. O estado dos plans de mellora a realizar durante o exercicio presente (plans anuais de mellora).

Aínda que no manual do Sistema de Garantía Interna de Calidade se establece como función da comisión de calidade a elaboración da Memoria de Calidade e se encomenda ao responsable de calidade a dirección e elaboración da mesma ata o de agora no se deran pasos neste camiño.

Nesta memoria curso 2013-2014 farase unha revisión dos catro anos anteriores.

3.1. Descrición do título e xustificación: Cando se recibiron as primeiras respostas do informes de seguimentos do curso 2010-2011 tanto no grao de Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais como no Máster universitario en Prevención de Riscos Laborais e saúde Medioambiental apreciouse como unha grande falla a deficiente información na descrición dos títulos e unha información insuficiente na páxina web. Dende o equipo decanal, coordinadores e xestora de centro realizouse un gran traballo para conseguir que tódolos títulos do grao presentaran unha información veraz e transparente os novos candidatos a ingreso. Esta labor foi valorada positivamente nos seguintes informes da ACSUG. Sen embargo, a axencia segue a comentarnos tódolos anos que cando se accede a nosa páxina web (<http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/index.html>) pódese atopar dous tipo de informacións que pode ser contraditoria. Isto é completamente certo xa que a facultade de modo interno xestiona os enlaces situados na caixas da banda dereita mentres que os diferentes servizos da universidade xestionan as caixas do lado esquerda. Dende a facultade lévase solicitando estas

	SEGUIMENTO DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE CIENCIAS	Código: F02-PM-01 Versión: 01
	FORMATO	

modificacións aos servizos xerais da USC e neste momentos están a actualizar as páxinas institucionais adecuadamente.


De tódolos xeitos, a descrición do título segue a ser revisado constantemente polo que nos informes de seguimento perduran dúas accións de mellora que perseguen este fin. Estas dúas accións describíense na seguinte táboa.

3.1. Accións de mellora transversais dos títulos e o SGIC da Facultade de Ciencias: Descrición do título e xustificación

Denominación da proposta	Mellora e actualización continua da páxina web do centro	Divulgación dos títulos
Criterio	Descrición do título e xustificación	Descrición dos títulos e xustificación
Punto débil detectado	Información non suficientemente clara	Baixo número de estudantes matriculados
Ámbito de aplicación	Facultade de Ciencias	Facultade de Ciencias
Responsable da súa aplicación	Dirección do centro	Dirección do centro
Obxectivos específicos	Mellora da información e da divulgación que se fai do título	Incremento do número de matriculados
Actuacións a desenvolver	Modificar e/ou manter a páxina web da facultade convenientemente actualizada en todo momento con aquela información relevante para os estudantes actuais e futuros	-Aumentar o coñecemento do título entre os estudantes de Ensinanza Secundaria Obrigatoria, Bacharelato e titulados de anteriores ordenacións. -Divulgar na sociedade as vantaxes de estudar no Campus de Lugo
Período de execución	Curso 2014-2015	Cada curso académico (acción continua)
Recursos/financiamento	Os propios do centro	Os propios medios e profesorado do título
Responsable do seguimento	Dirección do centro	Coordinador do título
Indicadores de execución	Información clara e accesible	-Número de centros de ensinanza secundaria e bacharelato visitados -Número de eventos divulgativos nos que se participa -Número de estudantes acollidos no centro en xornadas de portas abertas, talleres, charlas, etc. -Número de informacións do título e/ou centro que aparecen nos medios de comunicación -Número de estudantes matriculados no Curso Ponte
Observacións	A facultade soamente pode actuar sobre os enlaces que aparecen á dereita da páxina, xa que os demais son xestionados directamente polos servizos centrais da universidade.	Esta proposta recolle todas as accións indicadas no informe para aumentar o número de estudantes do título xa que todas elas están interrelacionadas.
Nivel de cumprimento	Executada parcialmente, xa que é necesario actualizala de xeito continuo	Parcial, xa que é necesario realizala todos os anos.

Resultados obtidos	A información atópase mellor organizada	Parece apreciarse un aumento do número de estudantes que inician estudos, o que suporía un cambio da tendencia mantida nos anos anteriores, e se mantén un bo nivel de estudantes matriculados no Curso Ponte
Grao de satisfacción	Alto	Medio
Accións correctoras a desenvolver		

En canto a segunda acción a “Promoción e Divulgación dos Títulos”. A Facultade de Ciencias é consciente de que o campus de Lugo ten unha limitada atracción para o estudantado. Na nosa facultade pódese observar que a oferta de título con alto valor engadido como o grao en Nutrición Humana e Dietética, único no sistema universitario galego, e o Máster universitario en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental, o Máster gran calidade que permite a obtención do título de “Coordinación de Actividades de Seguridade e Saúde na Construción” implica un acceso case seguro a un número axeitado de estudantes. Cando se analiza o indicador Matrícula de novo ingreso (IN03C-PC-05) no grao de Nutrición Humana e Dietética e no Máster Universitario en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental cumpren as expectativas mais o grao en Enxeñaría de Procesos de químicos Industriais non ten un alto grao de matrícula polo que non cumpre co mínimo requirido polo Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia.



As causas, supoñemos, son diversas e non achacables soamente a Facultade de Ciencias. Dende a aplicación dos proceso de Bolonia as enxeñarías a nivel galego e español sufriron unha gran diminución no número de alumnos. Para resolver este problema a

	SEGUIMENTO DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE CIENCIAS	Código: F02-PM-01 Versión: 01
	FORMATO	

Facultade de Ciencias dende a súa detección promoveu un plan de promoción do centro entre os alumnos de bacharelato. Para elo solicitamos a introdución dos nosos alumnos presentes e egresados nos centro de bacharelato de orixe, un grupo de profesores visitamos cada ano este institutos.

Outra das acción programada foi a promoción do centro entre os alumnos de ESO da cidade de Lugo. Cada ano fóronse programando visitas o noso centro de alumno dos curso 3º e 4ª para que coñecese a nosa oferta. En tódolos anos tivemos unha media de 150 alumnos e entre cinco e sete colexios no centro recibindo a información e realizan unha pequena visita (2 horas) aos nosos laboratorios de docencia participando nunha serie de experimentos sinxelos.

Como consecuencia destas accións e coa mesma filosofía un grupo de profesores liderado por Mercedes Novo leva desenvolvendo un campus de verán nos dous últimos anos con grande aceptación por parte dos estudantes dos últimos anos de ESO. Este curso que comezou con dous obxectivos: achegar a ciencia a estes colectivos e dar a coñecer a ofertas de titulacións no campus de Lugo.

3. 2.Redes sociais: Outra das accións transversais relacionadas co descrición do título é a presenza nas redes sociais. No curso 2012-2013 creouse a páxina de facebook.

2. Accións de mellora transversais dos títulos e o SGIC da Facultade de Ciencias: Facebook.

Denominación da proposta	Facebook
Criterio	Descrición do título e xustificación
Punto débil detectado	Baixo coñecemento do título na sociedade
Ámbito de aplicación	Facultade de Ciencias
Responsable da súa aplicación	Equipo de dirección da Facultade
Obxectivos específicos	Aumentar o coñecemento do título e das súas saídas profesionais por parte da sociedade
Actuacións a desenvolver	Dotar de contidos interesantes e atractivos á nova páxina de Facebook do centro
Período de execución	Cada curso académico (acción continua)
Recursos/financiamento	Os propios do centro
Responsable do seguimento	Coordinador do título
Indicadores de execución	Movements na páxina
Observacións	
Nivel de cumprimento	
Resultados obtidos	
Grao de satisfacción	
Accións correctoras a desenvolver	

Ata agora créese que a efectividade é mínima en canto a promoción dos graos e másteres da facultade. Na páxina foinos solicitado amizade maioritariamente alumnado e ex-alumnado da facultade. Ata agora é utilizada como unha nova fonte de transmitir información ao alumnado. Debese recalcar que a limitación de recursos non permite a contratación de un profesional externo e que probablemente a persoa asignada a esta labor non sexa a mais axeitada para a misión. A actividade e desenvolvemento desta acción de mellora depende non so dunha persoa senón do interese xeral: os profesores deben ser consciente de que pretende facer visible a labor docente e investigadora do seu traballo e da facultade.

A traveso do facebook soamente se tivo unha consulta referente ao Máster Universitario en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental. Solicitábase información sobre o acceso e programa e foi dirixido a xestora do centro.

3. 3. Xornadas de acollida: Unha das accións que cada curso leva a cabo Facultade de Ciencias é unha xornada de acollida para os alumnos de todas as titulacións ofertadas onde se lles achega a información necesaria do centro e de cada una das titulacións específicas. Neste momento o equipo directivo da facultade dáse a coñecer e ponse a súa disposición. Tamén é o momento onde damos a coñecer aos alumnos titores de cada curso para que calquera consulta que teña o novo alumnado poida ser disipada nun ton de maior confianza e confianza.

No grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais observouse nos cursos 2010-2011, 2011-2012 e 2012-2013 que entre un 25 a un 35% dos estudantes procedían da selectividade levada a cabo en setembro. Os profesores das materia do primeiro curso expresaron os problemas relacionados coa disparidade da data de entrada nos estudos. Observábase un retraso dos coñecemento do alumnado que chegaba tarde. No curso 2013-2014, a proposición do coordinador, a comisión do grao deseñou unha acción de acollemento dos estudantes que fomentara a coordinación no comezo das clases para os dous grupos de estudantes procedentes da selectividade. No curso 2013-2014 programáronse actividades durante dúas semanas como unha extensión desa xornada de acollida. Nestas dúas semanas as actividades foron diversas: manexo do campus virtual, charla do centro de linguas modernas (explicación da obtención do B1 en idiomas), charla do Servizo de Relacións Exteriores (mobilidades SICUE, Erasmus, Bilateral, etc). Os profesores de primeiro curso tamén deseñaron tests para valorar os coñecementos do alumnado e despois dispuñan de 1 ou dúas horas para orientar ao alumnado no déficit de coñecemento de cada materia para mellorar a uniformidade de coñecementos.

	SEGUIMENTO DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE CIENCIAS	Código: F02-PM-01 Versión: 01
	FORMATO	

Un posterior test do alumnado valorando a actividade foi valorada moi positivamente. Os alumnos apreciaron o esforzo pero indicaron que talvez algunha acción era demasiado longa e que provocaba certo aburrimiento e ansiedade e que as dúas semanas foron demasiadas. Continuando con esta acción a comisión do grao de Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais propón unha modificación como se describe na táboa. Aínda que dende o equipo decanal se propuxo unha acción similar na comisión do grao de Nutrición Humana e Dietética os membros da comisión desestimaron a medida por dúas razóns: O grao de NHeD recibe un grupo mais homoxéneo de estudantes completando a oferta en Xullo e a segunda é que consideraron que un grupo de 60 alumnos non permitiría desenvolvela axeitadamente.

3.3. Accións de mellora transversais dos títulos e o SGIC da Facultade de Ciencias.

Denominación da proposta	AANEU
Criterio	Acceso e admisión de estudantes
Punto débil detectado	Excesiva duración das “Actividades de Aprendizaxe e apoio para Novos Estudantes Universitarios” (AANEU) que organiza o centro
Ámbito de aplicación	Facultade de Ciencias
Responsable da súa aplicación	Equipo de dirección da facultade
Obxectivos específicos	-Evitar xerar inquedanza, nerviosismo, aburrimiento ou falta de interese no conxunto de actividades a desenvolver. -Uniformizar os coñecementos dos estudantes
Actuacións a desenvolver	Modificar a planificación das AANEU para que teñan lugar soamente durante unha semana
Período de execución	Primeira semana do curso (todos os cursos)
Recursos/financiamento	Os propios do centro
Responsable do seguimento	Coordinador do título
Indicadores de execución	Enquisas de satisfacción dos estudantes coas actividades
Observacións	
Nivel de cumprimento	Total no curso 2013-2014
Resultados obtidos	Excelentes, tanto polo grado de satisfacción manifestado polos estudantes como pola información recollida
Grao de satisfacción	Alto
Accións correctoras a desenvolver	Incluír na programación actividades para equilibrar os coñecementos dos estudantes en materias básicas

3.4. Política de mellora de materiais docentes do centro. Dende o centro cada ano solicítase nas accións de mellora promovidas pola vicerreitoría de calidade ou a vicexerencia da universidade. Dende o curso 2010-2011 tras analizar as suxerencias dos coordinadores de grao, profesorado e PAS (oficiais de laboratorio) fôronse solicitando. Este é una lista das accións desenvolvidas nos últimos catros anos.

Ano 2011	Accións Solicitada	Realización
Tódolos alumnos da Facultade de Ciencias	Renovación e mellora das TIC aplicadas á docencia	Concedida
Tódolos alumnos da Facultade de Ciencias	Renovación do equipamento dos laboratorios de Prácticas	Concedida
Grao de Nutrición Humana e Dietética	Adquisición de dous programas informáticos para a realización de prácticas do Grao de Nutrición Humana e Dietética	Concedida
Ano 2012	Accións Solicitada	Realización
Tódolos alumnos da Facultade de Ciencias	Acondicionamento e incorporación das Tecnoloxías da Información e Comunicación nunha aula de docencia.	Concedida
Grao en Procesos químicos Industriais	Adquisición e posta a punto dunha práctica de intercambio de calor	Concedida
Ano 2013	Accións Solicitada	Realización
Tódolos alumnos da Facultade de Ciencias	Adquisición de equipamento de laboratorio para a implementación e a mellora de clases prácticas.	Concedida
Tódolos alumnos da Facultade de Ciencias	Acondicionamento e incorporación das Tecnoloxías da Información e Comunicación.	Concedida
Grao en Procesos químicos Industriais	Compra de Suite informática "AutoDesk Education Master Suite 2012"	Concedida
Ano 2014	Accións Solicitada	Realización
Tódolos alumnos da Facultade de Ciencias	Renovación do equipamento dos laboratorios de prácticas da Facultade de Ciencias	Concedida
Tódolos alumnos da Facultade de Ciencias	Acondicionamento e incorporación das Tecnoloxías da Información e Comunicación.	Concedida
Grao de Nutrición Humana e Dietética	Adquisición de equipamento de laboratorio para a implementación e a mellora de clases prácticas.	Concedida

	SEGUIMENTO DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE CIENCIAS	Código: F02-PM-01 Versión: 01
	FORMATO	Páxina 13 de 47

A facultade de Ciencias seguirá a participar nas accións de mellora promovidas dende as diferentes vicerreitorías da USC polo que se mantén a acción denominada “Participación en accións de mellora promovidas pola universidade”.

3.4. Accións de mellora transversais dos títulos e o SGIC da Facultade de Ciencias.

Denominación da proposta	Participación en accións de mellora promovidas pola universidade
Criterio	Recursos Materiais e Servizos
Punto débil detectado	Renovar e mellorar o equipamento docente
Ámbito de aplicación	Facultade de Ciencias
Responsable da súa aplicación	Dirección da facultade
Obxectivos específicos	Renovación e mellora do equipamento docente
Actuacións a desenvolver	Participación nas convocatorias de acción de mellora promovidas pola universidade
Período de execución	Cada curso académico
Recursos/financiamento	Os dotados pola universidade en cada convocatoria
Responsable do seguimento	Dirección do centro
Indicadores de execución	Equipamento docente adquirido
Observacións	
Nivel de cumprimento	Total ou parcial segundo o orzamento
Resultados obtidos	Adquisición de novo material de laboratorio e de software
Grao de satisfacción	Medio
Accións correctoras a desenvolver	

3.5. Recomendación de mellora respecto de obxectivos/competencias

De acordo cunha recomendación para a mellora contida no informe final de seguimento 2012/2013, en relación a que "débense poñer en marcha mecanismos para analizar a consecución dos resultados de aprendizaxe acadados polos estudantes ao finalizar o proceso formativo", realizase unha proposta de mellora para establecer a relación entre actividades e competencias avaliadas nas materias. Comezarase polo Practicum e o Traballo Fin de Grao, materias que supoñen a aplicación das competencias adquiridas durante os estudos e continuarase ata a total implantación no curso 2016/2017.

3.5 Acción de mellora: Recomendación de mellora respecto de obxectivos/competencias

Denominación da proposta	Recomendación de mellora respecto de obxectivos/competencias
Criterio	Competencias - avaliación
Punto débil detectado	Falta de evidencias sobre a adquisición de competencias ao final do proceso formativo.
Ámbito de aplicación	Grao de Nutrición Humana e Dietética
Responsable da súa aplicación	Dirección do centro
Obxectivos específicos	Correcta avaliación das competencias no grao
Actuacións a desenvolver	Modificación da documentación (guías docentes das materias, impresos de avaliación do Practicum e Traballo Fin de Grao)
Período de execución	Curso 2016/17
Recursos/financiamento	Propio da Facultade
Responsable do seguimento	Comisión de Grao Coordinador do título
Indicadores de execución	Guías docentes e documentos de avaliación de Practicum e Traballo Fin de Grao
Observacións	
Nivel de cumprimento	
Resultados obtidos	
Grao de satisfacción	
Accións correctoras a desenvolver	

	SEGUIMENTO DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE CIENCIAS	Código: F02-PM-01 Versión: 01
	FORMATO	

3.6. Planificación: normativas e desenvolvemento.

Durante o **curso 2013-14** implantouse o 4º curso do Grao en Nutrición Humana e Dietética, no que dúas materias do último semestre, Practicum e Traballo Fin de Grao supoñen a posta en práctica do conxunto de competencias adquiridas durante os anos anteriores. Desenvolvéronse neste período as normativas para cada unha delas e os documentos necesarios para que, tanto titores en ambas as dúas coma tamén tribunais no Traballo Fin de Grao, puxesen de manifesto a súa valoración; os alumnos, no informe final de Practicum, efectúan a súa valoración persoal sobre as competencias adquiridas. A Comisión do Grao, ao final do curso, comezou a realizar unha análise sobre o desenvolvemento de ambas as dúas materias e a valoración destas, decidindo modificar parcialmente os impresos de valoración co fin de documentar axeitadamente estes aspectos para o curso 2014-15. Coa experiencia adquirida e os comentarios do alumnado preséntase unha acción de mellora que consiste na modificación do Regulamento de desenvolvemento do Practicum e da Normativa do Traballo fin de Grao. Esta normativa de TFG foi aprobada o 21 de febreiro de 2014 e modificada o 17 de decembro de 2014 polo consello de goberno da USC. Ademais no traballo fin de grao intentárase establecer unha rúbrica que permita unha corrección homoxénea do alumnado en competencias xerais, específicas e transversais.

3.6. Acción de mellora: Planificación–normativas e desenvolvemento

Denominación da proposta	Planificación–normativas e desenvolvemento
Criterio	Recursos Materiais e Servizos
Punto débil detectado	Recente implantación do Practicum e o Traballo Fin de Grao
Ámbito de aplicación	Grao de Nutrición Humana e Dietética
Responsable da súa aplicación	Coordinadora do grao
Obxectivos específicos	Normativas e implantación do Practicum e o Traballo Fin de Grao
Actuacións a desenvolver	Estudo por parte da Comisión de Grao da posta en práctica das normativas e documentos de avaliación anexos relacionados co Practicum e o Traballo Fin de Grao
Período de execución	Curso 2014/2015
Recursos/financiamento	Os dotados pola universidade en cada convocatoria
Responsable do seguimento	Coordinador do grao
Indicadores de execución	Enquisas aos egresados (valoración da adquisición de competencias)
Observacións	
Nivel de cumprimento	
Resultados obtidos	
Grao de satisfacción	
Accións correctoras a desenvolver	

	SEGUIMENTO DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE CIENCIAS	Código: F02-PM-01 Versión: 01
	FORMATO	Páxina 16 de 47

3.7. Sistema de garantía de calidade-xestión actividades

A implantación do SGIC na Facultade tense retrasado debido a que a nosa universidade decidiu realizar unha modificación de tódolos sistemas de garantía interna de calidade de xeito que todos os temas teñan unha estrutura e procedementos común. Para elo a Facultade de Ciencias, a traveso da súa Comisión de Calidade, presentou un novo Manual Simplificado que foi aprobado na Xunta de Facultade e que pode atoparse en <http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/calidade.html>. O retraso tamén foi motivado por non dispoñer dunha aplicación informática axeitada que nos permitira o control de sesión e as accións de mellora. En setembro de 2013 a Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade ofreceu aos centros esta aplicación, coa idea de que fora desenvolvida no curso 2013-2014, pero a día de hoxe ninguén acudiu ó centro a explicar o seu funcionamento e posibilidades do programa polo que soamente foi empregado no seguimento dos principais indicadores do título. Este ano 2015 seguirase a reclamar unha formación axeitada nesta aplicación e intentarase coordinar ao equipo decanal, coordinadores de grao e máster e profesores-coordinadores de curso-módulo para que elaboren os informes das reunións nel e quede constancia.


3.7.1. Acción de mellora: Desenvolvemento do SGIC

Denominación da proposta	Desenvolvemento do SGIC
Criterio	Sistema de garantía de calidade
Punto débil detectado	O baixo emprego da aplicación informática deseñada pola universidade para a aplicación do SGIC
Ámbito de aplicación	Facultade de Ciencias
Responsable da súa aplicación	Dirección da facultade
Obxectivos específicos	Incrementar de xeito notable a utilización da ferramenta informática posta a disposición do centro pola universidade para desenvolver axeitadamente o sistema de calidade
Actuacións a desenvolver	Involucrar aos membros das comisións responsables do título no uso da aplicación
Período de execución	Todos os cursos
Recursos/financiamento	Os propios do centro
Responsable do seguimento	Responsable de calidade do centro
Indicadores de execución	A información, accións, explotación de indicadores, etc. feitos a través da aplicación
Observacións	
Nivel de cumprimento	
Resultados obtidos	
Grao de satisfacción	
Accións correctoras a desenvolver	

Outro dos problemas que coordinadores e comisións de grao e Máster atópase cada setembro é o retraso na disposición dos indicadores da area de calidade da USC. Afortunadamente sempre se incrementou dun ano para outro a información para a elaboración de informes de seguimento. Aínda que estes problemas parecen resoltos intentarase ofrecer aos distintos grupos de interese da facultade, graos e máster estes indicadores dun xeito ordenado para iso seguiuise a traballar pola transparencia.

3.7.2. Acción de mellora: Publicación de indicadores.

Denominación da proposta	Publicación de indicadores
Criterio	Sistema de garantía de calidade
Punto débil detectado	Retraso na publicación dos principais indicadores do título por parte da universidade
Ámbito de aplicación	Facultade de Ciencias
Responsable da súa aplicación	Equipo directivo do centro
Obxectivos específicos	Dar unha maior visibilidade ó título e aos seus principais resultados
Actuacións a desenvolver	Atopar un xeito de amosar claramente e de forma ben visible os valores dos principais indicadores do título sen recargar a web do centro
Período de execución	Curso 2014-2015
Recursos/financiamento	Os propios do centro
Responsable do seguimento	Responsable de calidade do centro
Indicadores de execución	A publicación dos indicadores
Observacións	
Nivel de cumprimento	
Resultados obtidos	
Grao de satisfacción	
Accións correctoras a desenvolver	

	SEGUIMENTO DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE CIENCIAS	Código: F02-PM-01 Versión: 01
	FORMATO	Páxina 18 de 47

O Máster en Prevencións de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental propón como accións de mellora a denominada “Necesidade de actualización e formación docente para o profesorado externo”. No informe de seguimento da ACSUG recriminásele ao Máster a gran cantidade de profesores externos e suxírelle que debería tomar accións para a súa formación. Aínda que os profesores externos son profesionais independentes do sector, seleccionados polos seus coñecementos poden recibir certa formación en programas internas da USC que non coñezan.

3.7.3. Acción de mellora: Necesidade de actualización e formación docente para o profesorado externo.

Denominación da proposta	Necesidade de actualización e formación docente para o profesorado externo
Criterio	Recursos humanos
Punto débil detectado	Escasa formación docente do profesorado externo
Ámbito de aplicación	Profesorado da área externa que participa na docencia do Máster
Responsable da súa aplicación	Coordinador do Máster/Decano da Facultade de Ciencias e Xerencia da USC
Obxectivos específicos	Explorar, diante da xerencia da USC á posibilidade de extensión dos cursos de formación ao profesorado externo do Máster
Actuacións a desenvolver	Concorrenza as convocatorias de accións de mellora convocadas pola Vicerreitoría con competencias en materia de calidade co fin de dispor de financiamento para a renovación do equipamento informático e TIC empregado no centro
Período de execución	Logo das consultas pertinentes, e si a resposta á proposta é afirmativa, ao longo do curso 2014-15 fariase o deseño e implementación das actividades formativas.
Recursos/financiamento	Dependen da Xerencia da USC
Responsable do seguimento	Coordinador do máster
Indicadores de execución	Realización da actividade formativa sinalada e taxa de participación nel
Observacións	
Nivel de cumprimento	
Resultados obtidos	
Grao de satisfacción	
Accións correctoras a desenvolver	

Ademais, no marco das reunións celebradas na Comisións Académica do Graos e Máster e na Comisión de calidade e a Xunta de Facultade, os resultados das mesmas, recollidos nas correspondentes actas, foron o desenvolvemento da planificación académica, coa axeitada coordinación entre profesorado das distintas materias, o seguimento das actividades docentes, e o análise dos resultados das avaliacións e enquisas. A presenza e a interlocución directa co representante dos estudantes redunda nunha posta en común de procedementos de mellora para a actividade docente e discente levada a cabo.

Sen dúbida a verificación positiva do SGIC é unha boa nova, porén aínda queda tarefa pendente para aproveitar a implantación do sistema, acadar un mellor rendemento da aplicación informática dispoñible e conseguir un maior compromiso coa mellora continua por parte dos diferentes estamentos do centro.

Sen embargo, pódense citar xa algúns dos resultados obtidos derivados da aplicación da **política de calidade do centro:**

- A análise pormenorizada e detallada dos principais indicadores do título e factores a ter en conta, tal e como se fixo constar en todos os apartados anteriores deste informe e que se amplía neste criterio.
- Mellora da visibilidade e dispoñibilidade de información na páxina web do centro, facendo visibles ao alumnado, profesorado, persoal de administración e outros grupos de interese moi diferentes aspectos.
- Confección e realización de enquisas propias do centro aos estudantes de novo ingreso e aos que fan prácticas en empresas. -Creación da páxina de Facebook do centro e das súas titulacións para aumentar a súa visibilidade perante a sociedade.
- Contar coa participación del Decano do Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Lugo (COETIL), na comisión do título como representante dun dos principais grupos de interese.
- Apertura dun caixa de correo electrónico de queixas e suxestións, totalmente anónimo, para o alumnado, profesorado, e persoal de administración.
- Aumento da participación do estudiantado nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida e impartida

4. O estado dos plans de mellora a realizar durante o exercicio presente (plans anuais de mellora).

Tras describir as accións de mellora propostas polas comisión de grao e Máster das titulacións da Facultade de Ciencias O estado do plans de mellora **serán informados** nos informes de seguimento e na memoria de Calidade da Facultade de Ciencias do ano 2016.

5. Resultados académicos e resultados dos restantes indicadores de eficacia do sistema.

Para analizar a os rendementos académicos e os seus indicadores farase unha análise pormenorizada de cada un dos títulos impartidos. O título de Máster de Enxeñaría Industriais non será analizado xa que soamente hai unha promoción.

5.1. Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais

Primeiro analizarase o grao de cumprimento dos resultados da aprendizaxe do alumnado do grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais. Para valoralos utilízanse os indicadores propostos no programa FIDES. Os principais indicadores previstos para a avaliación dos resultados da aprendizaxe son taxa de rendimento, taxa de éxito e taxa de avaliación, pero tamén se amosan neste apartado outros indicadores e resultados.

Taxas medias por ano académico

TAXA	Curso 2010-2011		Curso 2011-2012		Curso 2012-2013		Curso 2013-2014	
	Real	Previs ta	Real	Previst a	Real	Previs ta	Real	Previst a
Rendemento (%)	55,7	65	62,3	67	69,4	67	64,7	70
Éxito (%)	76,0	75	79,2	75	82,4	76	78,3	76
Avaliación (%)	73,4	-	78,7	-	84,3	-	82,6	-

O primeiro dato a destacar é que a **taxa media de éxito** está sempre por riba dos valores inicialmente previstos, manténdose nos tres derradeiros cursos en torno ó 80%, o que se considera un nivel dificilmente superable pola elevada taxa de avaliación e as dificultades inherentes a un título de enxeñaría. Os valores dos tres indicadores tamén superan aos que aparecen reflectidos no SIIU para os estudos de grao na rama de Enxeñaría e Arquitectura e que son, respectivamente, 59,8%, 74,1% e 80,7%, de aí que a comisión do título considere os resultados acadados ata agora moi positivos. Compre salientar que a experiencia previa do profesorado na anterior titulación de ETQI demostra que unha maior taxa de avaliación non

leva aparelhada necesariamente unha maior taxa de éxito (e por ende de rendemento), polo que os resultados que agora estanse conseguindo no grao deben ser consecuencia doutros factores, tales como os cambios nas metodoloxías docentes, o emprego do Campus Virtual, un menor número de créditos por curso (agora sempre 60 e antes nunca inferior a 72) e una maior e mellor interrelación estudante-profesor derivada do menor número total de estudantes.

Taxas por curso e ano académico

TAXA	Curso	2010-2011	2011-2012	2012-2013	2013-2014
Rendemento (%)	1º	55,7	47,8	57,1	49,4
	2º		83,1	62,4	66,5
	3º			96,2	91,8
	4º			100*	80,5
Éxito (%)	1º	76,0	68,3	77,1	60,1
	2º		91,1	69,2	72,8
	3º			96,9	97,8
	4º			100*	97,1
Avaliación (%)	1º	73,4	70,0	74,1	82,6
	2º		91,3	90,2	91,3
	3º			99,2	93,8
	4º			100*	82,9

Os datos da táboa anterior parecen indicar que os resultados acadados polos estudantes melloran a medida que avanza dun curso ó seguinte, véndose que sempre é no seu primeiro ano de universidade cando obteñen os peores resultados, o que concorda cos datos do SIIU que indican que a taxa de rendemento no primeiro curso dos estudos da rama de Enxeñaría e Arquitectura é do 58,0% para os estudantes procedentes de Bacharelato e do 46,3% para os procedentes de FP que a comisión considere que as razóns deste resultado poder ser unha ou varias das seguintes:

- Unha mala adecuación de moitos estudantes ao perfil de ingreso recomendado.
- A adaptación ao novo entorno, metodoloxías de traballo e avaliación durante o curso no que inician os estudos.
- A tardía incorporación ás clases dos estudantes procedentes das PAU de setembro.

De ser estas as causas, unha forma de mitigalas é a realización da **acción de mellora AANEU (Actividades de aprendizaxe e apoio para novos estudantes universitarios)** que organiza o centro ao inicio do curso. Así mesmo, a comisión considera que o incremento progresivo dos indicadores, en todas as promocións, a medida que estas pasan dun curso ao seguinte tamén é consecuencia da Normativa de Permanencia da universidade, Esta normativa obriga aos estudantes a matricularse das materias pendentes de cursos anteriores e, ademais, limita o número máximo de créditos nos que poden matricularse polo que os

estudantes soamente podan avanzar nos seus estudos seguindo a progresión temporal adecuada, que é precisamente a establecida no plan de estudos do título.

Unha reflexión distinta debe facerse sobre os distintos resultados que se observan dunhas cohortes a outras. Así, os resultados da segunda cohorte son claramente inferiores aos da primeira e terceira. A falta doutros datos a comisión considera que estes resultados poderían deberse á elevada proporción de estudantes procedentes de Formación Profesional que ingresaron nesa promoción, que se reflicte na táboa seguinte.

Curso 2010- 2011	Curso 2011- 2012	Curso 2012- 2013	Curso 2013- 2014
18	37	17	16

Porcentaxe de estudantes de FP respecto ó total de estudantes que iniciaron estudos.

Aínda que sexa un análise superficial por falta de máis información, a conclusión concorda co xa apuntado respecto ao menor rendemento dos estudantes procedentes de FP fronte aos de Bacharelato polo que os responsables do título sexa importante coñecer, ó principio de cada curso, a procedencia dos novos estudantes e, por tanto, de aí o interese por continuar facendo as enquisas, xa descritas, que se realizaron por primeira vez este curso durante a acción de mellora denominada **AANEU**.

A situación sería distinta no que respecta á última promoción, que presenta unhas baixas taxas de éxito e de rendemento que ademais influíron negativamente nos valores medios dos indicadores do título respecto ó curso anterior; neste caso, a información dispoñible (obtida nas enquisas feitas nas AANEU) parece indicar que a causa estaría na pouca adecuación dos estudantes ó perfil de ingreso recomendado, de aí a importancia de continuar transmitindo aos estudantes de ensino secundario a información correspondente aos itinerarios de bacharelato mais axeitados para realizar estudos universitarios.

Abandono e Egreso.

Os datos proporcionados pola universidade cifran a porcentaxe de abandono do título en: 28,6% no curso 2012-2013 e no 38,9% no curso 2013-2014. Evidentemente os valores son moi elevados polo que a comisión realizou unha análise pormenorizada dos datos (inclusive das listaxes de matrícula de cada ano).

Ao longo destes catro anos iniciaron os estudos do grao un total de 119 estudantes; sen embargo, a matrícula total no curso 2013-2014 é de 94 estudantes; tendo en conta que no curso 2012-2013 remataron os seus estudos 3 estudantes do Curso Ponte, resulta así que un total de 22 estudantes abandonaron o grao nalgún momento destes catro anos. Agora ben, debe terse en conta aos 7 estudantes que, tal y como xa se indicou, matriculáronse no grao co único obxectivo de superar as poucas materias que lles restaban para rematar os seus

	SEGUIMENTO DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE CIENCIAS	Código: F02-PM-01 Versión: 01
	FORMATO	Páxina 23 de 47


estudos de Enxeñaría Técnica Industrial e que, loxicamente, deixaron de estar matriculados no grao ó rematar ETQI, o que deixa a cifra real de abandono en 15 estudantes en 4 anos, que segue a ser unha cifra elevada pero que a xuízo da comisión representa mellor o que os docentes do título notan dun curso para outro.

As razóns para estes abandonos poden ser moitas, pero á comisión soamente lle consta o seguinte: polo menos 5 estudantes matriculáronse no seu momento no grao por non haber obtido praza na titulación escollida en primeira opción, e unha vez superados todos ou parte dos créditos de formación básica do primeiro curso solicitaron o traslado de expediente á titulación desexada. Isto implica que o abandono dos estudos por calquera outra razón (baixo rendemento do estudante, insatisfacción co título, perda de bolsas de matrícula ou de axuda ó estudo, etc) sería moito máis baixa do que indican as taxas de abandono, quedando reducida a 2 ou 3 estudantes por curso, aínda que os datos indican que a maior parte dos abandonos se produciron nos dous primeiros anos de implantación do título, polo que se cree que tamén puideron deberse ó descoñecemento do título por parte dos estudantes.

No que respecta aos estudantes egresados, os datos proporcionados pola universidade indican unha duración media dos estudos de 4 anos, cunha eficiencia dos titulados do 95,2%, que dende logo son datos que poden ser considerados moi satisfactorios. Agora ben, tal e como xa se ten feito noutros aspectos deste informe, tamén agora se desexa analizar e “criticar” polo miúdo esta cuestión.

Dos 26 estudantes que se matricularon no ano de posta en marcha do título compre indicar que 3 deles o fixeron para rematar os estudos da anterior titulación (en proceso de extinción) mentres que outros 9 abandonaron os estudos deste grao ao finalizar este mesmo curso ou ó seguinte, quedando por tanto soamente 15, e destes matriculáronse en 4º curso 13, é dicir, chegaron ó último curso no tempo que lles corresponde o 86,7% do total posible, que é un dato moi positivo. Pois ben, soamente 2 destes estudantes conseguiron presentar e defender o Traballo Fin de Grao, e por tanto finalizar os estudos, neste curso 2013-2014, o que representa o 15,4% dos inicialmente posibles ou o 13,3% do total de estudantes desta cohorte que aínda permanecía matriculado, o que en primeira instancia debería considerarse un valor baixo senón houbera outros factores a considerar.

En primeiro lugar debe terse en conta que algúns estudantes tiñan algunha materia pendente de cursos anteriores, concretamente do segundo semestre, de aí que centraran os seus esforzos en superar ditas materias na convocatoria de exame de xullo e non en realizar o TFG; así outros estudantes non superaron todas as materias obrigatorias de 4º curso, que deberán cursar de novo no 2014-2015. Por outra parte, e tal e como xa se fixo constar anteriormente, o 84,6% destes estudantes fixo prácticas en empresas, principalmente durante o segundo semestre deste curso o que ralentizou a realización do TFG xa que ademais moitos

	SEGUIMENTO DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE CIENCIAS	Código: F02-PM-01 Versión: 01
FORMATO		Páxina 24 de 47

deles tiñan que completar o total de créditos optativos cursando tamén no segundo semestre algunha materia, e ademais 2 destes estudantes teñen xa un “contrato laboral en prácticas” na empresa na que fixeron prácticas, de aí que retrasaron a presentación do TFG.

Deste xeito, e dado que todos os estudantes da primeira promoción que xa fixeron 4º curso teñen asignado titor e tema para o TFG, a comisión considera que poderán rematar sen atrancos os seus estudos no curso 2014-2015, isto é, con 6 ou 12 meses a maiores do establecido no plan de estudos. Si se ten en conta que os datos da ACSUG indican que na extinta titulación de ETQI o retraso medio na finalización dos estudos era de 2,5 anos, e que no SIIU dise que nos estudos de Enxeñaría e Arquitectura o 70% dos estudantes empregan a maiores 2 ou máis anos para rematar os estudos (2,8 anos nas titulacións de enxeñaría de Galicia), todo parece indicar que no novo título os resultados serán sensiblemente mellores, xa que si a comparación ademais de por anos faise por créditos e semestres, estaríase a ver que agora se necesitarían entre 9 e 10 semestres para finalizar os 240 créditos do grao desta facultade fronte a un mínimo de 11 ou 12 semestres que indican as estatísticas nas anteriores enxeñarías técnicas ou outros graos de enxeñaría.

Curso Ponte

Reflexións a parte deben facerse sobre os resultados dos estudantes titulados na extinta Enxeñaría Técnica Industrial agora matriculados no curso ponte para conquistar tamén o título de grao, y en primeiro lugar compre dicir que o centro non recibe ningunha información desagregada dos indicadores de resultados relativos a estes estudantes, polo que toda a información provén do propio traballo da comisión do título e do equipo directivo do centro.

Así, dos 36 estudantes que accederon ó Curso Ponte nestes dous anos, sábese que 4 deles o abandonaron aos poucos meses por incompatibilidades co seu traballo (cambios nos quendas de traballo, viaxes ó estranxeiro ou a outras comunidades, etc), polo menos outros 5 están a cursar simultaneamente outros estudos (2º ciclo, Máster ou doutoramento) e danlles preferencia a rematar eses estudos e non ó curso ponte, mentres que outros 10 compatibilizan estudos e traballo e polo tanto manifestan estar interesados en aprobar cada ano soamente algunha das 8 materias que conforman o seu itinerario formativo (aínda que se matriculen de máis), e ademais non todos conseguiron superar todas as materias das que se matricularon.

Con estas premisas, é perfectamente comprensible que ata o de agora soamente haxan rematado os estudos (incluído o TFG) un total de 12, mentres que outros 8 están xa matriculados no TFG para o curso 2014-2015 e teñen asignado titor e tema, polo que se espera que rematen ao longo deste curso.

Indicar por último que a porcentaxe de actas fóra de prazo foi do 4,1% (3 de 74 fronte a 4 de 59 no curso anterior). Aínda que o valor deste indicador é mellor que o valor medio da


USC (13,7%), neste eido deben terse en conta varios factores. En primeiro lugar e polo que esta comisión analizou, a universidade considera fóra de prazo un acta en virtude da data de recepción na Unidade de Xestión Académica e non pola data en que foi pechada e asinada polo profesor responsable, polo que un fallo ou retraso no servidor pode facer que un acta chegue tarde. Ademais, e dado que os docentes deben pechar e asinar as actas empregando a súa sinatura electrónica a través dunha aplicación informática dispoñible na Secretaría Virtual, un erro na actualización dos soportes informáticos (navegador, Java, etc) ou da sinatura electrónica (caducidade, fallo do lector de tarxetas, etc) pode dar lugar a que un acta se peche fora de prazo. Dito isto, dende a comisión seguirase a traballar para que o número de actas fora de prazo continúe diminuindo.

5.2. Grao en Nutrición Humana e Dietética

As taxas de rendemento e de éxito foron moi superiores ás previsións da memoria do grao e mantivéronse a niveis todos anos analizados.

O Indicador “Taxa de Graduación” aínda non está dispoñible, ao haberse graduado a primeira promoción no curso obxecto do informe. Sen embargo, 18 alumnos presentaron o Traballo Fin de Grao, finalizando os seus estudos en 2014. Tendo en conta que o número de prazas ofertadas no curso de implantación do grao (2010/11) foi de 40, a porcentaxe de graduados nesta primeira promoción foi do 45%, superior á taxa de graduación prevista na memoria de verificación do plan de estudos do grao, que para o curso 2013/14 era do 40%.

	2010/11		2011/12		2012/13		2013/14	
	Real	Prevista	Real	Prevista	Real	Prevista	Real	Prevista
IN34G-S01-PM-01 Taxa de rendemento	73,3	65	74,6	67	83,22	67	82,41	70
IN35G-S01-PM-01 Taxa de éxito	90,9	75	83,7	75	89,88	76	88,4	76
IN36G-S01-PM-01 Taxa de avaliación	80,6	-	89,1	-	92,59	-	92,93	-
IN38G-S01-PM-01 Duración media dos estudos	-	-	-	-	-	-	4	-
IN39G-S01-PM-01 Eficiencia dos titulados	-	-	-	-	-	-	97,56	-
IN40G-S01-PM-01 Taxa de abandono durante o primeiro curso (Grao)	-	-	-	*	27,59	*	15,15	5

	SEGUIMENTO DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULDADE DE CIENCIAS	Código: F02-PM-01 Versión: 01
FORMATO		Páxina 26 de 47

* Taxa de abandono acumulado entre os anos 2011/12 (10%) y 2012/13 (5%)

A taxa de abandono reduciuse en 12 puntos respecto de a do curso 2012/13, na que foi moi elevada. As causas ás que pode atribuírse o alto valor alcanzado neste indicador son diversas, aínda que se detectou en cursos anteriores un elevado número de estudantes que, tras cursar o primeiro ano do grao de Nutrición Humana e Dietética, decidiron continuar estudos noutras titulacións do área de Ciencias da Saúde. O sistema permite que os estudantes poidan rectificar a súa decisión e cambiar de grao para adecualo aos seus preferencias, pero en ocasións, ás veces moi numerosas, nas que empregan esta titulación intencionadamente como “ponte” ou “pasarela” cara a outras titulacións (fisioterapia, medicina) en que a nota de corte é superior, e á que non poderían acceder directamente coa súa nota de entrada na universidade. Este uso, legal por outra banda, ten efectos negativos desde diversos puntos de vista. En primeiro lugar, a oferta de prazas do grao está limitada a 60 prazas; o feito de que en parte se poidan cubrir con estudantes que non teñen máis intención que cursar o primeiro ano e despois abandonalo impide que outros posibles alumnos con auténtica vocación por estes estudos non poidan ter a opción de inicialos. En segundo lugar inflúe negativamente na valoración do grao e o seu desenvolvemento, dando a impresión de que algo non está funcionando adecuadamente. Tamén, nalgúns casos, estudantes que non conseguiron nota abondo para acceder a outras titulacións de Ciencias da Saúde acaban matriculándose neste grao, pero carecen da motivación suficiente para continuar os estudos. Todo isto deuse nun maior número de casos no curso pasado, mentres que no ano 2013/14 estas situacións déronse con menor frecuencia.

Tamén é posible que nalgúns casos a información sobre o grao non fose suficientemente completa ou non se transmitise adecuadamente aos estudantes no momento de elixir estudos superiores, co que se rexistrase unha maior proporción de rectificacións e cambios a outros graos. A mellorar na información pública respecto ao grao que se leva desenvolvendo nos últimos anos tamén pode ser importante na redución do abandono. Isto animanos a seguir coa campaña de información e promoción do título que vén desenvolvendo a Facultade de Ciencias.

Dado que a primeira promoción se graduou no curso 2013/14, non está dispoñible a información relativa aos resultados de inserción laboral dos titulados.

	SEGUIMENTO DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE CIENCIAS	Código: F02-PM-01 Versión: 01
	FORMATO	Páxina 27 de 47


5.3. Máster Universitario en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental

Os resultados previstos para o Máster Universitario en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental son avaliados en función de diversos indicadores que de seguido se enuncian e posteriormente se comentan:

- A *taxa de rendemento* (Indicador IN34M-S01-PM-01) do último curso académico 2013-14 foi de 99.06% (A taxa de rendemento nos catro cursos anteriores 2012-13, 2011-12, 2010-11, 2009-2010 foi de 100, 97.2, 99.0 e 98.6%, respectivamente).
- A *taxa de éxito* (Indicador IN35M-S01-PM-01) acadou o valor de 99.34% (100, 99.6, 99.5 e 100% en cursos anteriores).
- A *taxa de avaliación* (Indicador IN36M-S01-PM-01) foi do 99.72% (100, 97.6, 99.5, e 98.6 en anteriores edicións).
- A *taxa de graduación* (Indicador IN37M-S01-PM-01) foi do 95%.
- A *taxa de eficiencia* (Indicador IN39M-S01-PM-01) dos titulados acadou o 100% (sendo 99.34, 100, 100 e 100 nos cursos anteriores).
- A *taxa de abandono consonte o RD 1393* (Indicador IN41M-S01-PM-01) foron do 0% o que supón que ningún alumno abandonou os estudos do MPRL e SM no período de referencia.

Como pode deducirse dos datos dos indicadores aportado, O MPRL e SM acadou uns resultados que poden cualificarse de moi satisfactorios, con taxas de rendemento, éxito, avaliación, graduación e eficiencia comprendidas sempre no rango entre o 95 e o 100%. Asemade compre resaltar que estes resultados se manteñen ao longo dos últimos cursos, como se pode comprobar polas evidencias aportadas.

Os obxectivos propostos e os resultados da aprendizaxe do alumnado poden considerarse absolutamente satisfactorios, máxime tendo en conta que estes se acadan cun período de duración media de estudos de 2.0 cursos (Indicador IN38M-S01-PM-01). Este dato pode resultar confuso si se ten en conta que o Máster consta de 90 créditos (1.5

	SEGUIMENTO DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE CIENCIAS	Código: F02-PM-01 Versión: 01
	FORMATO	Páxina 28 de 47

cursos), e polo tanto debe ser comentado en detalle. O Máster estruturase en tres cuatrimestres ao longo de dous cursos, tal como se indica na táboa seguinte:

Curso 1	Cuatrimstre-1: setembro-xaneiro (ano 1)	Cuatrimstre-2: febreiro-xullo (año 1)
Curso 2	Cuatrimstre-3: setembro- xaneiro (ano 2)	


É unha práctica habitual que o alumnado do Máster, nun porcentaxe elevado, realice o TFM unha vez se teñen acabado o resto dos módulos que constitúen o MPRL e SM á finalización do cuatrimestre-3 (máxime tendo en conta que o perfil do alumnado coincide en moitos casos con persoas que compatibilizan o desenvolvemento do Máster coa súa propia dedicación laboral). Isto quere dicir que o alumnado, unha vez rematados o restantes créditos do título, prepara o TFM e o presenta e defende na seguinte convocatoria, que coincide co mes de xullo do Curso 2. O Indicador IN38M-S01-PM-01 ten un valor de 2.0 cursos por iso. Asemade, dos datos agregados de duración de estudos proporcionados pola ACSUG, compre indicar que na área de Ciencias da Saúde da USC, os titulados empregan 0.65 anos a maiores para rematar a súa titulación. Resultado este moi apreciable si se ten en conta que se inclúen títulos con dificultades académicas evidente como Medicina, Farmacia, etc.

En calquera caso, os bos resultados respecto das taxas antes indicadas debe comentarse atendendo aos seguintes aspectos a considerar:

1. Perfil do alumnado:

- (i) O alumnado ten un perfil de ingreso axeitado, tal como xa se indicou e discutiu no apartado 4 do presente autoinforme.
- (ii) O alumnado está composto por persoas xa tituladas e en moitos casos con experiencia profesional, que proveñen de diferentes ámbitos de Galicia, e que en moitos casos teñen que desprazarse para acudir ás clases presenciais. Polo indicado, son alumnado que toma os estudos do Máster coa consabida e necesaria seriedade, e que ademais precisa acabar os seus estudos no menor tempo posible para minimizar custes económicos.
- (iii) Asemade, o alumnado que en certos casos compatibiliza traballo e estudo, amosa un interese demostrado en rematar con prontitude e boas cualificación o MPRL e SM, xa que isto pode supoñer unha oportunidade de promoción profesional (ou de inserción para aqueles que aínda non teñan un traballo remunerado).

2.- Planificación das ensinanzas. A planificación do Máster en modo semipresencial, incluíndo Prácticas en empresas, tense demostrado un acerto. Este feito permite acadar un axeitado perfil de alumnado de acceso o que garante estudante con elevado interese e

	SEGUIMENTO DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE CIENCIAS	Código: F02-PM-01 Versión: 01
FORMATO		Páxina 29 de 47

responsabilidade discente. Asemade, o número de alumnos por profesor (4.6 segundo o Indicador IN30M-PS-01) e un único grupo docente de 25 alumnos (Indicador IN03M-PC-05) constitúen unha ordenación académica que favorece a actividade docente e discente, contribuíndo aos bos resultados acadados.


3.- Perfil do profesorado. A combinación de profesorado de plantilla da USC, con profesorado externo (profesionais en exercicio no eido dos riscos laborais) resulta outra fortaleza da presente oferta académica, que contribúe a consecución de bos resultados, e que proporciona ao alumnado unha dobre visión académica e profesional.

4.- Instalacións e recursos materiais apropiados. Os recursos materiais con que se conta para a impartición do MPRL e SM son moi axeitados, o cal tamén contribúe de forma notable nos resultados altamente satisfactorios que reflicten os indicadores comentados neste apartado.

En canto aos resultados de xestión convén sinalar que se mellorou notablemente a xestión de matrícula, e que derivado das accións de mellora xa comentadas en autoinformes anteriores, no curso de referencia levouse a cabo un proceso de matriculación sen incidencias dignas de mención, cunha áxil xestión das listas de agarda, o que permitiu a matriculación dos 25 alumnos sen problemática algunha. Por outra banda a xestión de cualificacións por parte do profesorado completouse en tempo e forma, consonte os prazos establecidos pola universidade, boa proba delo foi que a porcentaxe de actas de cualificación cumprimentadas fora de prazo (Indicador IXA-MO4) foi de 0.

6. Seguimento das accións previstas en revisións anteriores do SGIC (se aplica).

A revisión do SGIC realizadas en 2013 tivo por obxectivo mellorar a xestión do SGIC dende os servizos centrais da USC e da Facultade de Ciencias. No ano 2014 a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC realizou unha modificación da lista de indicadores. A Comisión de Calidade deberá propoñer a inclusión da nova lista de indicadores no SGIC da Facultade.

	SEGUIMENTO DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE CIENCIAS	Código: F02-PM-01 Versión: 01
FORMATO		Páxina 30 de 47

7. Cambios que poderían afectar ao Sistema de Garantía Interna de Calidade. Avaliación das oportunidades de mellora e necesidade de efectuar cambios na xestión do sistema.

Como xa se analizou nas accións de mellora o grao de Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais presenta unha baixa matriculación o que provoca, que seguindo a normativa autonómica, se debe presentar un plan de Viabilidade antes do 31 de Abril. Nesta modificación proporase compartir noventa créditos con dúas titulacións da Escola Politécnica Superior. Este cambio non implica a perda de entidade do grao senón a integración de recursos. Este plan debe de ser aprobado pola Secretaria Xeral de Universidades da Consellería de Educación da Xunta de Galicia. A finais de ano 2015 deberase obter resposta. Tras analízalo serán as dúas facultades e a propia USC a que determinará a necesidade de modificación no SGICs implicados.

8. A información relativa á satisfacción dos grupos de interese, queixas ou reclamacións, así como das súas necesidades e expectativas.

A xestión da información é unha das competencias máis importantes que se realiza nos sistemas de garantía de calidade. Nunha facultade débese transmitir con transparencia a información xeral e recibir as dúbidas suxestións, queixas ou reclamacións dos diferentes grupos de interese. Principalmente estas accións van dirixidas ao estudantado.

A transmisión de información nestes tempos realízase a través da nosa páxina web na que se impulsan as noticias relacionadas co transcorrer da facultade. Nela pódese atopar guías docentes, horarios e os diferentes regulamentos da facultade. O estudantado ten información puntual a través de grupos de correo electrónico e teñen representación en tódalas comisións da facultade. Os horarios, programación académica, os informes de seguimento e regulamentos, actas de xunta de facultade son enviadas a todo o profesorado da facultade, aínda que non pertencen a xunta para que dispoñan da posibilidade de efectuar as reclamacións o suxestións que consideren oportunas.

Os queixas e reclamacións derivadas do proceso de matrícula son levadas polo servizo xeral da universidade e transmitidas á xestora de centro para que se realicen as medidas oportunas. O período que abrangue este informe é o comprendido entre o curso 2010-2011 e o 2013-2014. O curso académico é un dato que se inclúe en todos os recursos administrativos que se rexistran na aplicación que existe para estes efectos; porén, no caso das queixas que figuran no módulo de “Reclamacións” dentro da aplicación Xescampus, o dato rexístrase por data. Para elaborar este informe consideramos un curso académico desde o 1 de setembro de cada ano ata o 30 de agosto do ano seguinte e así compilamos os datos para o mesmo período que tivemos en conta para os recursos administrativos.

	SEGUIMENTO DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE CIENCIAS	Código: F02-PM-01 Versión: 01
	FORMATO	Páxina 31 de 47

Durante o período 2010-2014 recibíronse as seguintes recursos e queixas:

Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais

1. Recursos presentados polo alumnado deste título

Non existen rexistros de recursos administrativos relacionados con alumnado desta titulación

2. Queixas presentadas polo alumnado deste título

As queixas presentadas no período de estudo son os seguintes:

curso	totais	estimadas	desestimadas
2009-2010	0	0	0
2010-2011	0	0	0
2011-2012	2	0	2
2012-2013	1	1	0
2013-2014	3	0	3

A temática das queixas foi a que se expón na seguinte táboa:

temas	2011-2012	2012-2013	2013-2014
Datos Persoais	1		
Entrega de Actas-Notas	1		
Matricula		1	
Media de Expediente			1
Recoñecemento de créditos por actividades			2

Grao en Nutrición Humana e Dietética


1. Recursos presentados polo alumnado deste título

Non existen rexistros de recursos administrativos presentados polo alumnado desta titulación

2. Queixas presentadas polo alumnado deste título

Existen 3 queixas presentadas en todo o período:

- unha no curso 2011-2012 relacionada con adaptacións de materias, que foi arquivada
- dúas no curso 2013-2014, cuxa temática foi nun caso, o recoñecemento de materias cursadas ao abeiro do programa Erasmus, que foi desestimada, e outra presentada en relación cos horarios nesta titulación, que tamén foi desestimada.

	SEGUIMENTO DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE CIENCIAS	Código: F02-PM-01 Versión: 01
	FORMATO	Páxina 32 de 47

Máster en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental

1. Recursos presentados polo alumnado deste título

O número total de recursos administrativos rexistrados son os que seguen:

curso	totais	alzada	reposición	estimados	desestimados
2009-2010	3	0	3	1	2
2010-2011	1	0	1	0	1
2011-2012	2	0	2	1	1
2012-2013	0	0	0	0	0
2013-2014	1	0	1	1	0

Os temas destes recursos aparecen reflectidos na seguinte táboa:

temas	2009-2010	2010-2011	2011-2012	2012-2013	2013-2014
Ampliación de matrícula					1
Anulación de matrícula	1	1			
Expedición de título			1		
Impagamento de prezos públicos	1		1		
Modificación de Matrícula	1				


2. Queixas presentadas polo alumnado deste título

- Existe rexistro dunha queixa no curso 2011-12 relacionada coa expedición do título, que foi estimada, e outra no curso 2013-2014 sobre o Suplemento Europeo ao Título, que tamén foi estimada

Durante o período 2010-14 recibíronse **no Centro as seguintes reclamacións:**

- Curso 2013-14: recibíuse unha reclamación relativa a unha cualificación correspondente á materia Nutrición Humana do 2º curso do Grao en Nutrición Humana e Dietética que se atendeu de acordo coa Normativa de Avaliación do Rendemento Académico dos Estudantes e de Revisión de Cualificacións (D.O.G.: 21/07/2011).

Unhas das accións de mellora que se impulsaron dende a comisión de calidade e a xeración dunha caixa de correo tradicional e outra electrónica totalmente anónima onde os diferentes grupos de interese poidan facer achegas ou suxestións sen xerar procesos administrativos. No ano que leva en funcionamento non se recibe nin unha suxestión.

	SEGUIMENTO DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE CIENCIAS	Código: F02-PM-01 Versión: 01
	FORMATO	Páxina 33 de 47

9. Grao de satisfacción e motivación do persoal.

Para analizar o grao de satisfacción e motivación do persoal da facultade, alumnos, profesores e empregadores a USC realiza enquisas anuais. Débese facer constar tamén que a universidade soamente ten elaborados os informes das enquisas dos dous últimos cursos que foron recibidos no centro a mediados deste mes de outubro deixando así pouco marxe de tempo para a súa análise aos coordinadores e as comisións respectivas. Pasarase a analizar cada unha das titulacións dos centro utilizando como base os informes de seguimento do curso 2013-2014.

9.1. Grao de Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais.

9.1.1. Enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida.

Cando se analizan os datos observase que neste curso logrouse aumentar do 38% ó 43% a porcentaxe de participación dos estudantes nestas enquisas, continuando así coa progresión positiva dende o 33% inicial. Cando no curso anterior a comisión do título percibiu a baixa participación, dirixiuse aos representantes dos estudantes para coñecer as causas, e estes comentaron que o problema principal atópase no feito de que os estudantes deben cubrir as enquisas empregando a súa Secretaria Virtual, o que daba lugar a tres tipos de situacións negativas:

- O prazo do que dispoñen os estudantes para cubrir as enquisas é amplo (1 mes), algúns o deixan para mais adiante e finalmente esquécense de facelo.
- Para acceder á secretaría virtual deben usar os seus códigos de usuario e contrasinal persoais o fai que desconfien de que o proceso sexa realmente anónimo.
- As datas elixidas tampouco son as mais axeitadas, xa que no primeiro semestre inclúen as vacacións de Nadal e no segundo semestre o remate da docencia do curso, cos estudantes “pensando” nos exames.

Estas son as razóns que fan, en xeral, que na USC as porcentaxes de participación sexan e incluso deran lugar a dúbidas e queixas sobre o procedemento, expresadas por exemplo, no Colexio de Decanos e Directores de Centro. En todo caso, no noso título a participación foi sensiblemente máis elevada que no resto da universidade grazas aos esforzos de todos os axentes implicados, especialmente dos representantes de estudantes.

Sexa como sexa, a satisfacción dos nosos estudantes queda ben reflectida na valoración media global dos últimos anos e que atendendo aos últimos datos publicados o sitúa dentro do primeiro terzo dos títulos de grao mellor valorados da universidade e entre os 3 primeiros da rama de enxeñaría. Non obstante, as comisións de calidade e do título tamén fixeron o esforzo de analizar polo miúdo as enquisas, centrándose naqueles aspectos ou

cuestións mais relevantes do proceso de ensino-aprendizaxe; os datos dispoñibles poden verse na táboa seguinte. Esta mesma análise pode estenderse as outras titulacións

Cuestión	Curso 2012-2013	Curso 2013-2014
1-Explica a programación da materia e os criterios de avaliación ao comezo da actividade docente	4,09	4,11
2-O material de apoio resúltame útil para a preparación da materia	3,67	3,63
3-Os recursos didácticos empregados reforzan a comprensión da materia	3,66	3,67
4-Motiva a participación crítica e activa dos estudantes no desenvolvemento da clase	3,71	3,77
5-Propón actividades para favorecer a miña aprendizaxe autónoma	3,70	3,72
6-Organiza ben as clases e explica con claridade facilitando a comprensión da materia	3,61	3,53
7-Consegue facerme ver a relevancia desta materia e o seu interese para a miña formación	3,77	3,70
8-Ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación cos estudantes	3,74	3,85
9-Globalmente estou satisfeito co profesor da materia	3,83	3,78
Valor medio global (3,75 no curso 2011-2012)	3,77	3,77

O compromiso do profesorado da titulación coa calidade no seu traballo queda claro, xa que non se debe esquecer que no curso 2013-2014 rematou a implantación do título, proceso durante o cal se incorporou á docencia persoal docente doutros centros, moitos profesores mudaron de docencia, houbo traslados de persoal, e o número de profesores que imparten docencia no título é elevado.

Por último, indicar que a comisión lamenta non poder dispoñer dos datos desagregados para cada un dos catro cursos do título, xa que sería interesante coñecer si a satisfacción dos estudantes aumenta ou diminúe a medida que progresan nos seus estudos.

	SEGUIMENTO DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE CIENCIAS	Código: F02-PM-01 Versión: 01
	FORMATO	Páxina 35 de 47

9.1.2. Enquisas de satisfacción do profesorado coa docencia impartida.


A satisfacción do profesorado coa docencia impartida incrementouse durante estes anos o que en principio demostra que a situación que sempre se da nun título que pasa por un proceso de modificación e avanza na súa implantación vaise estabilizando. Os datos desagregados que a comisión analizou mais detalladamente amósanse nesta táboa.

Cuestión	Curso 2012-2013	Curso 2013-2014
1-Coñezo o nivel de comprensión dos alumnos	4,17	4,00
2-Estou satisfeito coa relación creada co alumnado nas clases e tutorías	3,50	4,00
3-Os estudantes participan crítica e activamente no desenvolvemento das clases	3,17	3,31
4-A coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título foi adecuada	4,17	3,52
5-O material e servizos de apoio á docencia existentes son axeitados para o desenvolvemento da materia	4,17	3,94
6-No centro, conto cos recursos necesarios para a docencia	4,00	3,97
7-Estou interesado en recibir formación de apoio para a mellora da docencia	16,7%	70%
Valor medio global	3,19	3,67

A pesar da bondade dos datos, unha análise nótase entre o profesorado certo cansazo acumulado durante o período de implantación do título ó que non é alleo o feito de pasar por modificacións no seu encargo docente. Como anécdota, citar o caso dalgún docente que ao longo de 3 cursos consecutivos debeu mudar o seu encargo docente de tal xeito que xa leva impartido a docencia de 7 materias distintas. Esta pode ser unha das razóns que expliquen a menor satisfacción que o estudiantado reflexa na súas enquisas en relación a cuestión número 6.

Cando se comparan as enquisas de estudantes e docentes nos aspectos interrelacionados, xorden algunhas cuestións que deben salientarse:

- -Os dous grupos de interese coinciden na súa valoración das metodoloxías e ferramentas de avaliación (cuestión 1 en ambas enquisas), que ademais é moi elevada, o que sen dúbida reflexa que os sistemas de avaliación empregados están ben deseñados e aplicados.
- -A percepción da participación activa durante as clases é boa entre os estudantes (cuestión 4) e insuficiente para os docentes (cuestión 3). A situación inversa prodúcese nos materiais de apoio y recursos para a docencia, peor valorados entre os estudantes (cuestións 2 e 3) que entre os profesores (cuestións 5 e 6). A comisión considera que aos estudantes aínda lles costa adaptarse ó novo modelo de ensino/aprendizaxe, no

	SEGUIMENTO DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE CIENCIAS	Código: F02-PM-01 Versión: 01
FORMATO		Páxina 36 de 47


que a súa labor autónoma é fundamental pero aínda están moi acostumados ó sistema tradicional de libro de cabeceira e apuntes de clase.

9.1.3. Enquisas de satisfacción coas prácticas en empresas.

No grao de Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais ofrécese fora do currículo a realización do desenvolvemento das prácticas externas en empresas que poden despois ser convalidadas por 6-12 créditos segundo as horas realizadas. Afortunadamente, débese destacar que debido ao gran traballo do decano, a facultade pode dispoñer de suficientes convenios con empresa para que unha porcentaxe altísima dos estudantes pertencentes á primeira promoción realizase estas prácticas. Debese destacar a elevada satisfacción dos tres grupos de interese respecto o desenvolvemento das prácticas externas: 4,6 dos estudantes (3,9 no conxunto da USC), 4,3 dos titores académicos (4,0 na USC) e 4,2 dos titores externos (4,1 na USC).

Cando entramos a analizar os datos vese que os estudantes valoraron cun 4,2 sobre 5 á adecuación dos seus coñecementos teóricos á labor desenvolvida na empresa, mentres que “soamente” deron un 3,6 aos seus coñecementos ou habilidades prácticas. Na súa banda atópanse os titores externos valoraron cun 4,0 tanto os coñecementos teórico-prácticos dos estudantes como a súa formación inicial en competencias. Os responsables do título consideran lóxico que a percepción dos estudantes sobre as súas competencias ou habilidades prácticas sexa inferior á dos seus titores, pola sinxela razón de que estes saben que cada empresa ou industria ten as súas particularidades e xeito de facer as cousas e que ninguén recen incorporado é capaz de desenvolverse con total soltura durante os primeiros días ou semanas. A isto sumase a inexperiencia propia duns estudantes de 21 anos que aínda non remataron os estudos. En todo caso, estes resultados avalan a boa formación que están a recibir os estudantes deste título.

Nos aspectos nos que si hai unha coincidencia plena é nas elevadas valoracións dos grupos de interese con todas aquelas cuestións relacionadas coas relacións interpersoais, a adaptación ao novo entorno, etc, é dicir, con todo o relacionado coas competencias e habilidades transversais adquiridas polos estudantes ao longo dos seus estudos, o que sen dúbida é en parte consecuencia das labores e metodoloxías do profesorado do título. Aínda que sexa anecdótico, indicar por último que tanto estudantes como titores indicaron exactamente o mesmo grao de satisfacción medio coas prácticas realizadas, 4,67 sobre 5.

	SEGUIMIENTO DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE CIENCIAS	Código: F02-PM-01 Versión: 01
	FORMATO	Páxina 37 de 47

9.2. Grao de Nutrición Humana e Dietética.

9.2.1. Enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida.


Comezase a analizar as enquisas de satisfacción do alumnado da táboa.

Pregunta	2012/13	2013/14
1. Explica a programación da materia e os criterios de avaliación ao comezo da súa actividade docente	3,74	3,97
2. Cumpre co programa e o plan de traballo previsto	3,82	4,02
3. O material de apoio resúltame útil para a preparación da materia	3,40	3,69
4. Os recursos didácticos empregados reforzan a comprensión da materia	3,31	3,65
Motiva a participación crítica e activa dos/as estudantes no desenvolvemento da clase	3,28	3,59
5. Favorece que desenvolva a miña capacidade de transmitir información, ideas, problemas e solucións nesta materia	3,22	3,56
6. Propón actividades para favorecer a miña aprendizaxe autónoma	3,28	3,54
7. Organiza ben as clases e explica con claridade facilitando a comprensión da materia	3,26	3,63
8. Resolve as dúbidas que se lle formulan (clase, titorías, aula virtual, correo electrónico,...)	3,59	3,93
9. Consegue facerme ver a relevancia desta materia e o seu interese para a miña formación	3,31	3,66
10. Considero que hai coordinación entre os/as distintos/as profesores/as da materia	3,47	3,77
11. Ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación cos/coas estudantes	3,56	3,82
12. A axuda recibida nas titorías foime de utilidade	3,36	3,67
Globalmente estou satisfeito/a co/coa profesor/a da materia	3,46	3,75

Como se observa os estudantes valoraron positivamente todos os apartados conseguindo mellorar valoracións que o cursos anterior. Como se pode a media final encontrase entre a nota conquerida nas deferentes titulacións da facultade e un décima inferior a xeral de USC (IN46M-S01-PM-01: 3.86).

9.2.2. Enquisas de satisfacción do profesorado coa docencia impartida.

Cando se observa a valoración do profesorado coa docencia impartida obsérvanse uns resultados excelentes que se poden achacar como principal motivo a impartir unha titulación nova en réxime de expansión. Creemos que esta motivación poderá permanecer no tempo. Como se observa a peores valoración son as referida o alumnado (nivel, participación, comprensión e actitude). Tras comentalo na comisión do grao chegouse a conclusión de que

	SEGUIMENTO DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE CIENCIAS	Código: F02-PM-01 Versión: 01
	FORMATO	Páxina 38 de 47

nos primeiros cursos o alumnado tiña unha gran madurez proceden de ciclo o habendo realizado outra titulación.

Pregunta	2012/13	2013/14
1. O nivel co que chega o alumnado (coñecementos e habilidades) é suficiente para afrontarse aos contidos da materia	3,50	2,96
2. As/os estudantes participan crítica e activamente no desenvolvemento das clases	4,33	3,54
3. Coñezo o nivel de comprensión dos/as alumnos/as	4,17	3,75
4. As/os estudantes amosan unha actitude de interese cara á materia que imparto	4,25	3,54
5. Estou satisfeito/a coa relación creada co alumnado nas clases e titorías	4,42	3,42
6. Globalmente estou satisfeita/o co traballo realizado polo alumnado nas miñas clases	4,17	3,38
7. A coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título foi adecuada	3,42	3,78
8. A coordinación entre os/as distintos/as profesores/as da materia foi efectiva	4,55	4,56
9. O material e servizos de apoio á docencia existentes na Universidade son axeitados para o desenvolvemento da materia	4,08	4,13
10. No centro, conto cos recursos necesarios (soportes multimedia, TICs, aulas e/ou laboratorios,...) para a docencia	4,00	4,33

Mirando os valores da coordinación inter- e intra-materias segue a preocuparnos os valores aínda que as medidas tomadas para mellorar a coordinación entre distintas materias que se propuxeron no curso pasado deron os seus froitos, cun incremento claro na súa valoración. A comisión que se debe a seguir a reforzar as reunión e coordinación de módulos.

Debese recalcar que a valoración dos estudantes e o profesorado esta en consonancia:


- IN46G-S01-PM-01 Satisfacción do alumnado coa docencia recibida: 3,73
- IN47G-S01-PM-01 Satisfacción do profesorado coa docencia impartida: 3,72

9.2.3. Enquisas de satisfacción coas prácticas en empresas (PRACTICUM).

O grao de Nutrición Humana e Dietética ten entre os seus materias obrigatorias o PRACTICUM, practicas que pretenden achegar o estudante ao mundo laboral. A USC centrou as enquisas de satisfacción nos tres grupos implicados: estudantes, titores académicos e titores externos.

- IN19G-PC-09 Satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas: 3,71
- IN20G-PC-09 Satisfacción dos titores externos cos programas de prácticas externas: 4,27
- IN21G-PC-09 Satisfacción dos titores académicos cos programas de prácticas externas: 4,38

A satisfacción dos titores externos e académicos é elevada; a satisfacción dos estudantes é algo máis baixa, pero equivalente a unha valoración de notable. De calquera

	SEGUIMENTO DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE CIENCIAS	Código: F02-PM-01 Versión: 01
	FORMATO	Páxina 39 de 47

forma considérase unha boa valoración, tendo en conta que corresponde ao primeiro ano de desenvolvemento do Practicum. Respecto de a satisfacción dos alumnos salientes cos programas de mobilidade, esta tamén foi bastante elevada.

Os alumnos de NHeD tamén fixeron mobilidade obténdose unha nota consonante coas outras valoracións.

- IN15G-PC-08 Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade: 3,79.

9.3. Máster Universitario en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental


Este foi o primeiro curso no que o Máster se unía a enquisa de satisfacción promovida pola USC, pois ata ese momento era o propio título o que elaboraba enquisas de satisfacción propias cunha taxa de participación e resposta do 100% (que continúan desenvolvéndose na actualidade). Antes de nada debese dicir que as valoracións foron en consonancia con outros títulos da facultade.

9.3.1. Enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida.

Como se observa na táboa os resultados de promedio xeral para os profesores da titulación (3.91) son absolutamente satisfactorios e comparables estatisticamente co valor obtido na enquisa xeral da USC (IN46M-S01-PM-01: 3.86), e son lixeiramente mellores que os acadados no curso anterior (3.65).

		Total Prof.	Mat. Didáctico	Medios Audiov	Docencia Presencial	Tutorías
1 Curso	Media	4,00	3,86	3,91	3,92	4,34
	Desv. St.	0,52	0,42	0,37	0,60	0,62
2 Curso	Media	3,71	3,67	3,68	3,64	3,64
	Desv. St.	0,32	0,30	0,33	0,35	0,47
Titulación	Media	3,91	3,80	3,84	3,83	3,92
Valoracion máxima 5						

Adicionalmente, do análise da información desagregada feita polos responsables do Máster, se observa que os resultados de satisfacción co material didáctico empregado e distribuído aos alumnos (tanto nas clases presenciais como de forma on-line) é tamén satisfactorio (3,80), e tamén levemente mellor que no curso 2012-13 (3,60). Os medios audiovisuais se consideran útiles e empregados de forma axeitada polo profesor (3,84) e os alumnos están satisfeitos coa docencia presencial recibida (3,83). Para estes dous datos tamén se observa melloría respecto do curso anterior (3,62, e 3,54, respectivamente).

	SEGUIMENTO DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE CIENCIAS	Código: F02-PM-01 Versión: 01
	FORMATO	

9.3.2. Enquisas de satisfacción do profesorado coa docencia impartida.

Como conclusión desta primeira edición da enquisa de satisfacción do profesorado (con respostas establecidas no rango 1 a 5) pode indicarse que en xeral, o profesorado considera que o alumnado ten coñecementos dabondo para enfrontarse aos contidos das materias impartidas (3,5). O que tamén serve de indicativo para comentar que o perfil de acceso parece ser axeitado. O profesorado tamén valora moi positivamente, tanto a participación do alumnado nas clases (3,14) como o interese mostrado polos alumnos (4,0). O profesorado móstrase en xeral satisfeito co traballo realizado polo alumno na clase (3,64).

No que respecta as cuestións relativas ao apoio á docencia, o profesorado considera que o nivel de coordinación entre as distintas materias é bo (3,65/5; 3,56e 3,87), se ben neste caso, a dispersión das respostas é maior, indicando tamén una certa diversidade de opinión a este respecto. Por último, se valoran moi positivamente (4,15) o material necesario para a impartición de docencia (medios audiovisuais, aulas de informática,...).

Cómpre indicar que a pesares de que o profesorado de plantilla da USC participa en cursos y actividades formativas de actualización e mellora docente, ao abeiro dos programas establecidos pola propia universidade a tal efecto. En xeral pode dicirse que o profesorado está satisfeito desta actividade formativa, así do informe de satisfacción do profesorado coas actividades formativas desenvolvidas, a valoración que os docentes fan de estas actividades arroxa o valor de 4,42 sobre 5 (con taxa de resposta superior ao 96%).

Resultados cuestionarios profesorado MPRL e SM Curso 2013-14		
A valoración está comprendida entre 1 e 5.		
O 1 representa a cualificación máis baixa (moi en desacordo co enunciado) e o 5 a máis alta (moi de acordo co enunciado).		
Alumnado	Media	Desv Est
1. O nivel co que chega o alumnado (coñecementos e habilidades) é suficiente para afrontar a os contidos da materia.	3,50	0,86
2. As/os estudantes participan crítica e activamente no desenvolvemento das clases.	3,14	0,99
3. Coñezo o nivel de comprensión dos/as alumnos/as.	3,68	1,09
4. As/os estudantes amosan unha actitude de interese cara á materia que imparto.	4,00	0,76
5. Estou satisfeito/a coa relación creada co alumnado nas clases e titorías.	3,52	1,17
6. Globalmente estou satisfeito/a co traballo realizado polo alumnado nas miñas clases.	3,64	0,95
Apoio á docencia		
7. A coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título foi adecuada.	3,65	1,04
8. A coordinación entre os/aos distintos/as profesores/as da materia foi efectiva (responda soamente se hai máis de un/unha profesor/ra nesta materia).	3,56	1,13
9. O material e servizos de apoio á docencia existentes na Universidade (material bibliográfico e audiovisual, aulas virtuais, aulas de informática, aulas e espazos de traballo,...) son axeitados para o desenvolvemento da materia.	4,15	0,93
7. A coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título foi adecuada.	3,87	1,06
Formación		
11. Estou interesada/o en recibir formación de apoio para a mellora da docencia relativa ás novas tecnoloxías aplicadas á docencia.	3,91	1,23
12. Estou interesado/a en recibir formación de apoio para a mellora da docencia relativa ao apoio didáctico e pedagóxico xeral.	3,82	1,30

O profesorado externo, dada a súa dedicación, non recibe formación e actualización docente por parte da USC, tendo esta cuestión, na enquisa de satisfacción feita polo Máster preguntouse por estes aspectos (cuestións 11 e 12). Os resultados indican que o profesorado (externo USC) estaría interesado en recibir formación pedagóxica para a mellora docente en xeral (3.82), e no eido das TIC en particular (3.91). Cumpriría explorar posibles vías para conquistar este obxectivo, se ben existen impedimentos legais e organizativos para elo, que haberán de ser comentados coa Xerencia da USC

9.3.3. Enquisas de satisfacción coas prácticas en empresas.

O desenvolvemento das prácticas en empresas no Máster Universitario en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental é considerado, en xeral, como satisfactorio polos alumnos que valoran con 3 (sobre 5) a súa satisfacción coas prácticas realizadas (Indicador IN19M-PC-09).

O feito de incorporarse e participar en empresas e institucións con actividade no sector da Prevención de Riscos ou en empresas que, aínda que dedicadas a outros sectores produtivos, dispoñen de gabinetes de prevención de riscos, medicina de empresa ou saúde medioambiental, se considera como unha experiencia moi favorable na que o alumnado reconece que aporta vantaxes en dous eidos:


1. Vantaxes formativas:

- Se aplican os coñecementos adquiridos na docencia a situacións reais da empresa.
- Se poden adquirir novas competencias relacionadas coa profesión.
- Se precisa enfrontarse a situacións e problemas que, en ocasións, deben ser abordados cun enfoque interdisciplinar.
- Se aprende a adecuar as actitudes e comportamentos do alumno ao mundo laboral.

2. Vantaxes para a inserción laboral:

- Se consegue un plus de formación orientada.
- Se obtén unha visión real da realidade laboral.
- Se poden adquirir unha serie de contactos persoais que poden axudar á futura inserción laboral.
- Permite coñecer cáles son as competencias máis valoradas polas empresas.
- Pola contra, os estudantes consideran que o número de horas de prácticas (45 horas) é limitado e podería ser maior.

A opinión dos titores das empresas co labor desenvolvida cos estudantes en prácticas queda reflectida nas valoracións emitidas por estes. Segundo o Indicador IN20M-PC-09, os titores das empresas valoran con 4,33 sobre cinco a labor dos estudantes.(Evidencia: *Promedio*

	SEGUIMENTO DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE CIENCIAS	Código: F02-PM-01 Versión: 01
FORMATO		Páxina 42 de 47

de valoración emitidas polos titores nas empresas: 8,8, [máximo 10]). En xeral, os titores das empresas manifestan unha alta satisfacción co traballo dos alumnos, si ben en xeral, moitos deles recomentan que sería desexable incrementar o número de horas prácticas para estas actividades. Semellante taxa de satisfacción se acadou para os titores académicos Indicador IN21M-PC-09: 4,40, o que non fai senón confirmar o bo desenvolvemento desta actividade docente.

10. Suxestións para a mellora.

O sistema de avaliación da satisfacción dos diferentes grupos de interese está perfectamente establecida polos servizos xerais da USC. Estes servizos ofrécenos cada outubro as medidas dos diferentes indicadores de calidade e as enquisas de satisfacción. Os coordinadores e o responsable de calidade consideran que estes resultados debería transmitirse durante a segunda quincena de setembro para permitir unha análise máis detallada.

Por outra banda, a avaliación e seguimento dos alumnos egresados é moi pouco efectivo pola USC e pola ACSUG. Esta información normalmente se obtén con un ou dos anos de tardanza pola que a facultade está a valorar a xeración dun sistema de seguimento propio como unha acción de mellora.

Neste momento tamén estase a analizar o sistema de avaliación. Tras unha charla recibida na sede da ACSUG sobre o programa ACREDITAPLUS, programa de calidade para a rama da enxeñaría, o equipo decanal foi consciente de que é necesario transmitir a información ao profesorado de empezar a encamiñar o proceso de avaliación na dirección das competencias intentando que o alumnado coñeza dende a guía docente da materia a rúbrica da mesma. Neste ano, sendo conscientes deste sistema e coñecendo a importancia de demostrar a adquisición de competencias que representan os traballos fin de grao iniciamos unha experiencia. Establecéronse polas dúas comisións de grao sendas rubricas cos criterios para avaliar o alumnado nesta materia. O resultado foi excelente no grao de Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais. O próximo curso preténdese establecer un programa piloto que implique un grupo de profesores para que se comprenda a importancia deste tipo de avaliación en relación coa calidade. A Comisión de Calidade e o equipo decanal consideran que as accións de mellora que se deben formular deben ser realistas e que permita unha sinxela execución cos medios da facultade que neste momento son moi reducido.

RESULTADOS

11. Accións para a mellora dos procesos e do propio SGIC.

A Facultade de Ciencias actuou e actúa seguindo os criterios da máxima calidade intentando ofertar ao seu estudantado a maior calidade no ensino e na súa introdución no mundo laboral. Este obxectivo inténtase cumprir a través da un intercambio de información entre equipo decanal e os grupos de interese, principalmente os estudantes e os profesionais das respectivas titulacións e colexios/asociacións representativas. Sen embargo, a calidade non son soamente os feitos senón que tamén se deben ir recollendo as evidencias que demostran a súa aplicación. Este é probablemente o maior defecto que pode atoparse nesta facultade. Os docentes e equipo directo non fomos educados nesta cultura. Dende o noso profesorado transmítenos que os feitos é o fundamental e non nos cabe mais remedio que isto é a realidade. O noso profesorado e o equipo decanal fáltanos a formación e a educación da recollida de evidencia que proban a calidade ofertada. Polo tanto, proponse que a xeración de dúas accións de mellora: un curso de xestión da calidade na docencia universitaria.

11.1. Acción de mellora do SGIC: Curso sobre xestión da calidade en entorno universitario

Denominación da proposta	Curso sobre xestión da calidade en entorno universitario.
Criterio	Sistema de garantía interna de calidade
Punto débil detectado	Pouca comprensión dos entornos de calidade
Ámbito de aplicación	A Facultade de Ciencias
Responsable da súa aplicación	Responsable de Calidade do centro e Area de Calidade da USC
Obxectivos específicos	Dar a coñecer a importancia dos entorno de calidade na ensinanza universitaria
Actuacións a desenvolver	Curso de Formación
Período de execución	Ano 2015
Recursos/financiamento	Area de Calidade da USC
Responsable do seguimento	Responsable de calidade
Indicadores de execución	Número de profesores asistentes.
Observacións	
Nivel de cumprimento	
Resultados obtidos	
Grao de satisfacción	
Accións correctoras a desenvolver	

	SEGUIMENTO DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE CIENCIAS	Código: F02-PM-01 Versión: 01
	FORMATO	Páxina 44 de 47

A importancia da avaliación na educación é un punto clave. Para o profesorado, en xeral, débese organizar un curso de calidade que informe sobre a necesidade da xestión en calidade de un centro de educación superior e un específico sobre avaliación do alumnado e creación/xestión de rubrica. A xeración de rubrica permite un coñecemento dos criterios de avaliación en relación coas competencias específicas, xerais e transversais que de adquirir o alumnado. A presenza dunha rúbrica tamén permite unha relación axeitada ente o alumnado e o docente.

11.2. Accion de mellora do SGIC: Organización dun curso sobre rubrica

Denominación da proposta	Organización dun curso sobre rubrica
Criterio	Sistema de garantía interna de calidade
Punto débil detectado	Problemas no sistema de avaliación.
Ámbito de aplicación	A Facultade de Ciencias
Responsable da súa aplicación	Responsable de Calidade do centro e Area de Calidade da USC
Obxectivos específicos	Dar a coñecer os procesos de avaliación con rubrica os profesores
Actuacións a desenvolver	Curso de Formación
Período de execución	Ano 2015
Recursos/financiamento	Area de Calidade da USC
Responsable do seguimento	Responsable de calidade
Indicadores de execución	Número de profesores asistentes.
Observacións	
Nivel de cumprimento	
Resultados obtidos	
Grao de satisfacción	
Accións correctoras a desenvolver	

A USC, antes dende a vicerreitoría de calidade e agora dende a xerencia coordinan os sistemas de garantía interna, o Sistema de Garantía Interna de Calidade dos seus centros. A principal acción da area de calidade nestes dous últimos anos foi o deseño dunha aplicación informática que permitira a xestión de indicadores, accións de mellora e recollida de evidencias. Esta aplicación permite ademais xestións das actas das diferentes comisións e a comunicación entre os seus membros. Podería incluso a xestión da coordinación de cursos e materias. Sen embargo, non é utilizada ata este momento na Facultade de Ciencias por falta

	SEGUIMIENTO DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE CIENCIAS	Código: F02-PM-01 Versión: 01
	FORMATO	Páxina 45 de 47

de formación. A aplicación e utilización desta aplicación debe ser un dos principais obxectivos da para facilitar a xestión do SGIC, a recollida de evidencias, e seguimento de procesos e accións de mellora.

11.3. Acción de mellora do SGIC: Curso para aprender o funcionamento do software para a xestión de calidade

Denominación da proposta	Curso para aprender o funcionamento do software para a xestión de calidade
Criterio	Sistema de garantía interna de calidade
Punto débil detectado	Problemas na recollida de evidencias, xestión de accións de mellora, etc..
Ámbito de aplicación	A Facultade de Ciencias
Responsable da súa aplicación	Responsable de Calidade do centro e Area de Calidade da USC
Obxectivos específicos	Coñecer os procesos de avaliación con rubrica os profesores
Actuacións a desenvolver	Curso de Formación
Período de execución	Ano 2015
Recursos/financiamento	Area de Calidade da USC
Responsable do seguimento	Responsable de calidade
Indicadores de execución	Número de apuntados o curso.
Observacións	
Nivel de cumprimento	
Resultados obtidos	
Grao de satisfacción	
Accións correctoras a desenvolver	

	SEGUIMIENTO DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE CIENCIAS	Código: F02-PM-01 Versión: 01
	FORMATO	Páxina 46 de 47

Outra das fallas que atopamos na facultade de Ciencias é a ausencia de un plan estratéxico. Durante o ano 2015 a facultade de Ciencias debería aprobar un plan estratéxico promovido pola Comisión do Centro.

11.4. Acción de mellora do SGIC: Deseño e implantación do plan estratéxico

Denominación da proposta	Deseño e implantación do plan estratéxico
Criterio	Sistema de garantía interna de calidade
Punto débil detectado	Necesidade de un plan estratéxico que dirixa as accións da facultade
Ámbito de aplicación	A Facultade de Ciencias
Responsable da súa aplicación	Comisión de calidade e Xunta de facultade
Obxectivos específicos	Plan estratéxico
Actuacións a desenvolver	Curso de Formación
Período de execución	Ano 2015
Recursos/financiamento	Propios da facultade
Responsable do seguimento	Comisión de calidade
Indicadores de execución	Número de apuntados o curso.
Observacións	
Nivel de cumprimento	
Resultados obtidos	
Grao de satisfacción	
Accións correctoras a desenvolver	

12. Necesidades de recursos.

Dende o punto de vista da comisión de calidade a Facultade de Ciencias a principal recurso que necesita o equipo decanal e coordinadores de graos e máster e coordinadores de curso/módulo é a formación nos utensilios necesarios para a aplicación correcta do SGIC. Para isto achegámoslle a o equipo reitoral a través dos vicerreitores correspondentes a necesidade de recursos para estas diferentes accións.

	SEGUIMIENTO DO SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE CIENCIAS	Código: F02-PM-01 Versión: 01
	FORMATO	Páxina 47 de 47

13. Necesidades de efectuar cambios no SGIC ou nos obxectivos para o próximo período.

Como xa se informou no apartado 4, o SGIC podería verse afectado polos cambios impostos polo sistema de garantía interna de calidade. Sendo o primeiro a modificación do Manual Simplificado do SGIC da Facultade de Ciencias aprobado pola Xunta de centro o 21 de xullo de 2015, e no que se incorporan novos indicadores de seguimento e cambios na estrutura das Comisións de Calidade e de titulacións, como consecuencia dos Plans de Mellora aprobados para a Renovación da Acreditación dos títulos que se imparten no centro.

Polo outra banda, derivada da baixa entrada de alumnado no grao de Enxeñaría en Procesos Químicos Industriais débese implementar un plan de viabilidade que é o que, con total seguridade, provocara as modificación de comisións no Sistema de garantía Interna de Calidade.

CONCLUSIÓNS. ADECUACIÓN E EFICACIA DO SGIC

Dende a Comisión de Calidade da Facultade de Ciencias enténdese que se están a aplicar todos os recursos docentes, administrativos e materiais dispoñibles para a ensinanza dos graos e másteres da facultade. Aínda que o desenvolvemento do SGIC da Facultade é limitado tódolos procesos e procedementos deseñados están a funcionar axeitadamente.

A facultade desenvolve actividades correctas que lle permite dicir que é o único centro que ten avaliados positivamente tódalas súas titulacións e que desenrola actividades de maneira axeitada para o seus alumnado.

A facultade deberá formase para a aplicación axeitada do SGIC e integralo de forma natural na mentalidade dos seu profesorado.

Por outra banda, a facultade de Ciencias debe traballar para que as súas titulacións se integren axeitadamente nos plan estratéxico do campus lucense denominado Campus Terra.